

a responsabilidade civil no ámbito propio do deporte e dos espectáculos deportivos, así como o seu aseguramento e a conseguinte repercusión no sistema de compensación de seguros.

Disposición transitoria única. *Réxime orgánico ata a creación da Comisión contra a Violencia, o Racismo, a Xenofobia e a Intolerancia no Deporte.*

A actual Comisión Nacional para a Prevención da Violencia nos Espectáculos Deportivos exercerá todas as súas funcións ata a creación e efectiva posta en funcionamento da Comisión contra a Violencia, o Racismo, a Xenofobia e a Intolerancia no Deporte, prevista nesta lei.

Disposición derogatoria única. *Derrogación de determinados preceptos da Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte.*

1. Quedan derogados os seguintes artigos e puntos da Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte:

Artigos 60 ao 69.

Artigo 76.1, alíneas e), g) e h).

Artigo 76.2, alínea g).

2. Quedan derogados, tamén, todos os preceptos de normas de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Títulos competenciais.*

Esta lei dítase ao abeiro dos títulos competenciais que lle corresponden ao Estado en relación coa organización do deporte federado estatal no seu conxunto e, así mesmo, do artigo 149.1.29.<sup>a</sup> da Constitución, excepto a disposición adicional sexta que se dita ao amparo do artigo 149.1.3.<sup>a</sup> da Constitución. Todo iso sen prexuízo das competencias atribuídas ás comunidades autónomas polos seus estatutos de autonomía en materia de deporte.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor ao mes da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Por tanto, mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 11 de xullo de 2007.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

**13409** LEI 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo. («BOE» 166, do 12-7-2007.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

PREÁMBULO

I

O traballo autónomo veuse configurando tradicionalmente dentro dun marco de relacións xurídicas propio do dereito privado, polo que as súas referencias normativas

se encontran dispersas ao longo de todo o ordenamento xurídico.

Neste sentido, a Constitución, sen facer unha referencia expresa ao traballo por conta propia, recolle nalgúns dos seus preceptos dereitos aplicables aos traballadores autónomos. Así, o artigo 38 da Constitución reconece a liberdade de empresa no marco dunha economía de mercado; o artigo 35, no seu punto 1, reconece para todos os españois o deber de traballar e o dereito ao traballo, á libre elección de profesión ou oficio, á promoción a través do traballo e a unha remuneración suficiente para satisfacer as súas necesidades e as da súa familia, sen que en ningún caso se poida facer discriminación por razón de sexo; o artigo 40, no seu punto 2, establece que os poderes públicos fomentarán unha política que garanta a formación e a readaptación profesionais, velarán pola seguranza e hixiene no traballo e garantirán o descanso necesario mediante a limitación da xornada laboral, as vacacións periódicas retribuídas e a promoción de centros axeitados; finalmente, o artigo 41 encoméndalles aos poderes públicos o mantemento dun réxime público de seguranza social para todos os cidadáns, que garanta a asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade.

Estas referencias constitucionais non teñen por que se circunscribir ao traballo por conta allea, pois a propia Constitución así o determina cando se emprega o termo «españois» no artigo 35 ou o de «cidadáns» no artigo 41, ou cando lles encomenda aos poderes públicos a execución de determinadas políticas, artigo 40, sen precisar que os seus destinatarios deban ser exclusivamente os traballadores por conta allea.

No ámbito social podemos destacar, en materia de seguranza social, normas como a Lei xeral da Seguridade Social, o artigo 25.1 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, referido ás traballadoras por conta propia que sexan vítimas da violencia de xénero, o Decreto 2530/1970, do 20 de agosto, que regula o réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos, e outras disposicións de desenvolvemento. En materia de prevención de riscos laborais haise que referir á Lei de prevención de riscos laborais e ao Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguranza e saúde nas obras de construción, así como outras disposicións de desenvolvemento.

A Unión Europea, pola súa parte, tratou o traballo autónomo en instrumentos normativos tales como a Directiva 86/613/CEE do Consello, do 11 de decembro de 1986, relativa á aplicación do principio de igualdade de trato entre homes e mulleres que exerzan unha actividade autónoma, incluídas as actividades agrícolas, así como sobre a protección da maternidade, que dá unha definición de traballador autónomo no seu artigo 2.a), ou na Recomendación do Consello do 18 de febreiro de 2003 relativa á mellora da protección da saúde e da seguranza no traballo dos traballadores autónomos.

O dereito comparado dos países do noso contorno non dispón de exemplos sobre unha regulación do traballo autónomo como tal. Nos países da Unión Europea sucede o mesmo ca en España: as referencias á figura do traballador autónomo encóntranse dispersas por toda a lexislación social, especialmente a lexislación de seguranza social e de prevención de riscos. Neste sentido, cabe resaltar a importancia que ten este proxecto de lei, pois trátase do primeiro exemplo de regulación sistemática e unitaria do traballo autónomo na Unión Europea, o que sen dúbida constitúe un fito no noso ordenamento xurídico.

Trátase dunha lei que regulará o traballo autónomo, sen interferir noutros ámbitos do noso tecido produtivo, como o sector agrario, que conta coa súa propia regulación e as súas propias canles de representación.

Os colexios profesionais tampouco verán afectadas as súas competencias e atribucións pola aprobación deste estatuto.

## II

Desde o punto de vista económico e social non se pode dicir que a figura do traballador autónomo actual coincida coa de hai algunhas décadas. Ao longo do século pasado o traballo era, por definición, o dependente e asalariado, alleo aos froitos e aos riscos de calquera actividade emprendedora. Desde esa perspectiva, o autoemprego ou traballo autónomo tiña un carácter circunscrito, en moitas ocasións, a actividades de escasa rendibilidade, de reducida dimensión e que non precisaban dun forte investimento financeiro, como por exemplo a agricultura, a artesanía ou o pequeno comercio. Na actualidade a situación é diferente, pois o traballo autónomo prolifera en países de elevado nivel de renda, en actividades de alto valor engadido, como consecuencia dos novos desenvolvementos organizativos e da difusión da informática e das telecomunicacións, e constitúe unha libre elección para moitas persoas que valoran a súa autodeterminación e a súa capacidade para non depender de ninguén.

Esta circunstancia deu lugar a que nos últimos anos sexan cada vez máis importantes e numerosas no tráfico xurídico e na realidade social, xunto á figura do que poderíamos denominar autónomo clásico, titular dun establecemento comercial, agricultor e profesionais diversos, outras figuras tan heteroxéneas, como os emprendedores, persoas que se encontran nunha fase inicial e de desenvolvemento dunha actividade económica ou profesional, os autónomos economicamente dependentes, os socios traballadores de cooperativas e sociedades laborais ou os administradores de sociedades mercantís que posúen o control efectivo destas.

Na actualidade, a 30 de xuño de 2006, o número de autónomos afiliados á Seguridade Social ascende a 3.315.707, distribuídos no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos, no réxime especial agrario e no réxime especial de traballadores do mar. Deles, 2.213.636 corresponden a persoas físicas que realizan actividades profesionais nos distintos sectores económicos.

Partindo deste último colectivo, é moi significativo sinalar que 1.755.703 autónomos non teñen asalariados e que do colectivo restante, 457.933, algo máis de 330.000 só teñen un ou dous asalariados. É dicir, o 94 por cento dos autónomos que realizan unha actividade profesional ou económica sen o marco xurídico de empresa non teñen asalariados ou só teñen un ou dous.

Estamos en presenza dun amplo colectivo que realiza un traballo profesional arriscando os seus propios recursos económicos e achegando o seu traballo persoal, e que na súa maioría o fai sen a axuda de ningún asalariado. Trátase, en definitiva, dun colectivo que demanda un nivel de protección social semellante ao que teñen os traballadores por conta allea.

Ao longo dos últimos anos leváronse a cabo algunhas iniciativas destinadas a mellorar a situación do traballo autónomo. Entre elas, cabe destacar a eliminación do imposto de actividades económicas para todas as persoas físicas, así como as introducidas pola Lei 36/2003, do 11 de novembro, de medidas de reforma económica, que recolle a cobertura da incapacidade temporal desde o cuarto día da baixa, a posibilidade de ter a cobertura por accidentes de traballo e enfermidades profesionais e a minoración para quen se incorporase por primeira vez ao réxime especial dos traballadores autónomos, sendo menores de trinta anos ou mulleres maiores de corenta e cinco. Na Lei 2/2004, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2005 incorpóranse, como medidas para o fomento do emprego autónomo de

mozos ata trinta anos de idade e mulleres ata trinta e cinco, unha redución ás cotas da Seguridade Social así como o acceso ás medidas de fomento do emprego estable dos familiares contratados polos autónomos. Así mesmo, mellórase o sistema de capitalización da prestación por desemprego na súa modalidade de pagamento único para os desempregados que inician a súa actividade como autónomos.

O Goberno, sensible ante esta evolución do traballo autónomo, xa se comprometeu na sesión de investidura do seu presidente a aprobar durante esta lexislatura un Estatuto dos traballadores autónomos. Como consecuencia disto o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais acordou constituír unha comisión de expertos a que encomendou unha dobre tarefa: dun lado, efectuar un diagnóstico e avaliación sobre a situación económica do traballo autónomo en España e, doutro, analizar o réxime xurídico e de protección social dos traballadores autónomos, elaborando ao mesmo tempo unha proposta de Estatuto do traballador autónomo. Os traballos da comisión culminaron coa entrega dun extenso e documentado informe, acompañado dunha proposta de estatuto, no mes de outubro de 2005.

Paralelamente, a disposición adicional sexaxésimo novena da Lei 30/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2006 incorporaba o mandato ao Goberno de presentarlle ao Congreso dos Deputados, no prazo dun ano, un proxecto de lei de Estatuto do traballador autónomo no cal se defina o traballo autónomo e se establezan os dereitos e obrigas dos traballadores autónomos, o seu nivel de protección social, as relacións laborais e a política de fomento do emprego autónomo, así como a figura do traballador autónomo economicamente dependente.

Mediante a Resolución número 15 do debate sobre o Estado da Nación de 2006, o Congreso dos Deputados insta o Goberno a presentar durante ese ano o proxecto de lei do Estatuto do traballador autónomo, para avanzar na equiparación, nos termos previstos na Recomendación número 4 do Pacto de Toledo, do nivel de protección social dos traballadores autónomos co dos traballadores por conta allea.

Finalmente, coa aprobación da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes, por iniciativa do Goberno, deuse un primeiro paso no cumprimento da citada resolución, ao introducir numerosas medidas para mellorar a situación do traballo autónomo, especialmente no relativo aos dereitos derivados das situacións de maternidade e paternidade, todo isto no contexto de avanzar nunha política de conciliación da vida familiar co traballo, tan demandada polos traballadores autónomos.

## III

Esta lei constitúe o resultado do cumprimento dos anteriores mandatos. Para a súa elaboración consultáronse as organizacións sindicais e empresariais, así como as asociacións de traballadores autónomos.

A lei consta de 29 artigos, encadrados en cinco títulos, máis dezanove disposicións adicionais, tres transitorias, unha derogatoria e seis derradeiras.

O título I delimita o ámbito subxectivo de aplicación da lei, establece a definición xenérica de traballador autónomo e engade os colectivos específicos incluídos e excluídos.

O título II regula o réxime profesional do traballador autónomo en tres capítulos. O capítulo I establece as fontes deste réxime profesional e deixa clara a natureza civil ou mercantil das relacións xurídicas establecidas entre o autónomo e a persoa ou entidade con que contrate. O punto 2 do artigo 3 introduce os acordos de interese profe-

sional para os traballadores autónomos economicamente dependentes, novidade importante creada pola lei.

O capítulo II refírese ao réxime profesional común para todos os traballadores autónomos e establece un catálogo de dereitos e deberes, así como as normas en materia de prevención de riscos laborais, protección de menores e as garantías económicas.

O capítulo III reconece e regula a figura do traballador autónomo economicamente dependente. A súa regulación obedece á necesidade de dar cobertura legal a unha realidade social: a existencia dun colectivo de traballadores autónomos que, malia a súa autonomía funcional, desenvolven a súa actividade cunha forte e case exclusiva dependencia económica do empresario ou cliente que os contrata. A lei prevé o suposto en que este empresario é o seu principal cliente e del provén, polo menos, o 75 por cento dos ingresos do traballador. Segundo os datos subministrados polo Instituto Nacional de Estadística, no ano 2004, ascenden a 285.600 os empresarios sen asalariados que traballan para unha única empresa ou cliente. A cifra é importante, pero o significativo é que este colectivo se incrementou nun 33 por cento desde o ano 2001.

Á vista da realidade anteriormente descrita, a introdución da figura do traballador autónomo economicamente dependente formulou a necesidade de previr a posible utilización indebida desta figura, dado que nos movemos nunha fronteira non sempre precisa entre a figura do autónomo clásico, o autónomo economicamente dependente e o traballador por conta allea.

A intención do lexislador é eliminar esas zonas fronteirizas grises entre as tres categorías. De aí que o artigo 11, ao definir o traballador autónomo economicamente dependente sexa moi restrictivo, delimitando conforme criterios obxectivos os supostos en que a actividade se executa fóra do ámbito de organización e dirección do cliente que contrata o autónomo.

O resto do capítulo III establece unha regulación garantista para o traballador autónomo economicamente dependente, en virtude desa situación de dependencia económica, sen prexuízo de que opere como norma xeral nas relacións entre este e o seu cliente o principio de autonomía da vontade. Neste sentido, o recoñecemento dos acordos de interese profesional, no artigo 13, a que se aludía no capítulo dedicado ás fontes, non supón trasladar a negociación colectiva a este ámbito, senón simplemente recoñecer a posibilidade de existencia dun acordo que transcenda do mero contrato individual, pero con eficacia persoal limitada, pois só vincula os asinantes do acordo.

O recurso á xurisdición social previsto no artigo 17 xustifícase porque a configuración xurídica do traballador autónomo economicamente dependente se deseñou tendo en conta os criterios que de forma reiterada veu establecendo a xurisprudencia desa xurisdición. A xurisprudencia definiu unha serie de criterios para distinguir entre o traballo por conta propia e o traballo por conta allea. A dependencia económica que a lei lle reconece ao traballador autónomo economicamente dependente non debe levar a equívoco: trátase dun traballador autónomo e esa dependencia económica en ningún caso debe implicar dependencia organizativa nin alleidade. As cuestións litixiosas propias do contrato civil ou mercantil celebrado entre o autónomo economicamente dependente e o seu cliente van estar estreitamente ligadas á propia natureza da figura daquel, de tal forma que as pretensións ligadas ao contrato sempre se van vulgar en conexión co feito de se o traballador autónomo é realmente economicamente dependente ou non, segundo cumpra ou non cos requisitos establecidos na lei. E esta circunstancia, nuclear en todo litixio, debe ser coñecida pola xurisdición social.

#### IV

O título III regula os dereitos colectivos de todos os traballadores autónomos, definindo a representatividade das súas asociacións conforme os criterios obxectivos, establecidos no artigo 21 e creando o Consello do Traballo Autónomo como órgano consultivo do Goberno en materia socioeconómica e profesional referida ao sector no artigo 22.

O título IV establece os principios xerais en materia de protección social e recolle as normas xerais sobre afiliación, cotización e acción protectora da Seguridade Social dos traballadores autónomos. É de destacar que se reconece a posibilidade de establecer reducións ou bonificacións nas bases de cotización ou nas cotas da Seguridade Social para determinados colectivos de traballadores autónomos, en atención ás súas circunstancias persoais ou ás características profesionais da actividade exercida. Esténdese aos traballadores autónomos economicamente dependentes a protección polas contingencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais e reconece a posibilidade de xubilación anticipada para aqueles traballadores autónomos que desenvolvan unha actividade tóxica, perigosa ou penosa, nas mesmas condicións previstas para o réxime xeral. Trátase de medidas que, xunto coas previstas nas disposicións adicionais, tenden a favorecer a converxencia do réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos co réxime xeral.

Finalmente, o título V está dedicado ao fomento e promoción do traballo autónomo e establece medidas dirixidas a promover a cultura emprendedora, a reducir os custos no inicio da actividade, a impulsar a formación profesional e a favorecer o traballo autónomo mediante unha política fiscal axeitada. Trátase, pois, das liñas xerais do que deben ser as políticas activas de fomento do autoemprego, liñas que deben ser materializadas e desenvolvidas en función da realidade socioeconómica.

#### V

A disposición adicional primeira refírese á reforma do texto refundido da Lei de procedemento laboral. As modificacións son as estritamente necesarias como consecuencia da inclusión das controversias derivadas dos contratos dos traballadores autónomos economicamente dependentes no ámbito da xurisdición social. En coherencia con isto, tamén se establece a obrigatoriedade da conciliación previa non só ante o servizo administrativo correspondente, senón tamén ante o órgano que eventualmente se puider crear mediante acordo de interese profesional.

A disposición adicional segunda supón o recoñecemento para que certos colectivos ou actividades gocen de peculiaridades en materia de cotización, como complemento das medidas de fomento do autoemprego. Faise un mandato concreto para establecer reducións na cotización dos seguintes colectivos de traballadores autónomos: os que exercen unha actividade por conta propia xunto con outra actividade por conta allea, de tal modo que a suma de ambas as dúas cotizacións supera a base máxima, os fillos de traballadores autónomos menores de 30 anos que inician un labor na actividade familiar e os traballadores autónomos que se dediquen á venda ambulante ou á venda a domicilio.

A disposición adicional terceira recolle a obriga de que no futuro todos os traballadores autónomos que non o fixesen teñan que optar pola cobertura da incapacidade temporal, medida que favorece a converxencia co réxime xeral, así como a necesidade de levar a cabo un estudo sobre as profesións ou actividades con maior sinistralidade, nas cales os colectivos de autónomos afectados deberán cubrir as contingencias profesionais.

A disposición adicional cuarta regula a prestación por cesamento de actividade. Recolle o compromiso do Goberno para que, sempre que estean garantidos os prin-



cipios de contributividade, solidariedade e sostibilidade financeira e isto responda ás necesidades e preferencias dos traballadores autónomos, propoña ás Cortes Xerais a regulación dun sistema específico de protección por cesamento de actividade para eles, en función das súas características persoais ou da natureza da actividade exercida.

A disposición adicional quinta especifica que o disposto no punto 2 do artigo 23, nos artigos 24 a 26 e na alínea c), punto 2, do artigo 27, así como nas disposicións adicionais segunda e terceira e na disposición derradeira segunda desta lei non será de aplicación aos traballadores por conta propia ou autónomos que, nos termos establecidos na disposición adicional décimo quinta da Lei 30/1995, de supervisión e ordenación dos seguros privados, optasen ou opten no futuro por se adscribiren á mutualidade de previsión social que teña constituída o colexio profesional a que pertencen e que actúe como alternativa ao réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos.

A disposición adicional sexta establece a necesidade de adecuación da norma ás competencias autonómicas relativas a representatividade e rexistro especial das asociacións profesionais de autónomos no ámbito territorial autonómico.

A disposición adicional sétima establece a posibilidade de actualizar as bases de cotización diferenciadas, reducións ou bonificacións previstas para determinados colectivos de traballadores autónomos en atención ás súas especiais características, por medio da Lei de orzamentos xerais do Estado.

A disposición adicional oitava sinala que o Goberno propondrá a presenza dos traballadores autónomos no Consello Económico e Social, tendo en conta a evolución do Consello do Traballo Autónomo na representación deles e o informe preceptivo do precitado Consello Económico e Social.

A disposición adicional novena determina que o Goberno presentará un estudo nun ano sobre a evolución da medida de pagamento único da prestación por desemprego para o inicio de actividades por conta propia e a posible ampliación das porcentaxes actuais da capitalización dependendo dos resultados de tal estudo.

A disposición adicional décima refírese ao encadramento na Seguridade Social dos familiares do traballador autónomo e aclara que os traballadores autónomos poderán contratar, como traballadores por conta allea, os fillos menores de trinta anos, aínda que estes convivan co traballador autónomo, e que queda excluída a súa cobertura por desemprego.

A disposición adicional décimo primeira supón adoptar para os traballadores autónomos do sector do transporte a referencia do artigo 1.3 g) do texto refundido do Estatuto dos traballadores, de inclusión no ámbito subxectivo desta lei, matizando os requisitos que neste caso se deben cumprir para os traballadores autónomos deste sector para a súa consideración de traballadores autónomos economicamente dependentes.

A disposición adicional décimo segunda establece a participación de traballadores autónomos en programas de formación e información de prevención de riscos laborais, coa finalidade de reducir a sinistralidade e evitar a aparición de enfermidades profesionais nos respectivos sectores, por medio das asociacións representativas dos traballadores autónomos e das organizacións sindicais máis representativas.

A disposición adicional décimo terceira introduce incrementos na redución e na bonificación da cotización á Seguridade Social así como os períodos respectivos aplicables aos novos traballadores incluídos no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos que teñan 30 ou menos anos de idade e 35 anos no caso de traballadoras autónomas e dálle nova redacción á disposición adicional trixésimo quinta da Lei xeral da Seguridade Social, texto refundido aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño.

A disposición adicional décimo cuarta sinala un prazo dun ano para que o Goberno elabore un estudo sobre os sectores de actividade que teñen unha especial incidencia no colectivo de traballadores autónomos.

A disposición adicional décimo quinta establece un prazo dun ano para que o Goberno presente un estudo sobre a actualización da normativa que regula o réxime especial dos traballadores autónomos establecida esencialmente no Decreto 2530/1970, do 20 de agosto.

A disposición adicional décimo sexta determina o prazo dun ano para que o Goberno realice, en colaboración coas entidades máis representativas de traballadores autónomos, unha campaña de difusión e información sobre a normativa e as características do réxime especial do traballador autónomo.

A disposición adicional décimo sétima supón a determinación regulamentaria dos supostos en que os axentes de seguros quedarían suxeitos ao contrato de traballadores autónomos economicamente dependentes, sen afectar en ningún caso a relación mercantil daqueles.

As disposicións adicionais décimo oitava e décimo novena refírense, respectivamente, aos casos específicos das persoas con discapacidade e dos axentes comerciais.

Das disposicións transitorias cabe destacar que a transitoria primeira establece un prazo de seis meses para a adaptación de estatutos e recoñecemento da personalidade xurídica das asociacións. A transitoria segunda fixa os prazos de adaptación dos contratos vixentes dos traballadores economicamente dependentes cunha especificidade no prazo de adaptación destes contratos na transitoria terceira para os sectores do transporte e dos axentes de seguros.

A disposición derradeira primeira establece o título competencial que habilita o Estado para ditar esta lei. En concreto a lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.5.<sup>a</sup>, lexislación sobre Administración de xustiza, 6.<sup>a</sup>, lexislación mercantil e procesual, 7.<sup>a</sup>, lexislación laboral, 8.<sup>a</sup>, lexislación civil e 17.<sup>a</sup>, lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social.

A disposición derradeira segunda recolle o principio xeral do Pacto de Toledo de lograr a equiparación en achegas, dereitos e obrigas dos traballadores autónomos cos traballadores por conta allea incluídos no réxime xeral.

A disposición derradeira terceira habilita o Goberno para ditar as disposicións regulamentarias de execución e desenvolvemento necesarias para a aplicación da lei.

A disposición derradeira cuarta establece que o Goberno deberá informar as Cortes Xerais anualmente da execución de previsións contidas nesta lei, incorporando nese informe o ditame dos órganos consultivos.

A disposición derradeira quinta establece un prazo dun ano para o desenvolvemento regulamentario da lei no relativo ao contrato de traballo dos traballadores autónomos economicamente dependentes.

A disposición derradeira sexta establece unha «vacatio legis» de tres meses, prazo que se considera axeitado para a entrada en vigor da lei.

## TÍTULO I

### Ámbito de aplicación subxectivo

#### Artigo 1. *Supostos incluídos.*

1. Esta lei será de aplicación ás persoas físicas que realicen de forma habitual, persoal, directa, por conta propia e fóra do ámbito de dirección e organización doutra persoa, unha actividade económica ou profesional a título lucrativo, dean ou non ocupación a traballadores por conta allea.

Tamén será de aplicación esta lei aos traballos, realizados de forma habitual, por familiares das persoas definidas no parágrafo anterior que non teñan a condición de

traballadores por conta allea, conforme o establecido no artigo 1.3.e) do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo.

2. Decláranse expresamente comprendidos no ámbito de aplicación desta lei, sempre que cumpran os requisitos a que se refire o punto anterior:

a) Os socios industriais de sociedades regulares colectivas e de sociedades comanditarias.

b) Os comuneiros das comunidades de bens e os socios de sociedades civís irregulares, salvo que a súa actividade se limite á mera administración dos bens postos en común.

c) Quen exerza as funcións de dirección e xerencia que supón o desempeño do cargo de conselleiro ou administrador, ou preste outros servizos para unha sociedade mercantil capitalista, a título lucrativo e de forma habitual, persoal e directa, cando posúan o control efectivo, directo ou indirecto daquela, nos termos previstos na disposición adicional vixésimo sétima do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño.

d) Os traballadores autónomos economicamente dependentes a que se refire o capítulo III do título II desta lei.

e) Calquera outra persoa que cumpra cos requisitos establecidos no artigo 1.1 desta lei.

3. As inclusións a que se refire o punto anterior entenderanse sen prexuízo da aplicación das súas respectivas normas específicas.

4. Esta lei será de aplicación aos traballadores autónomos estranxeiros que reúnan os requisitos previstos na Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, de dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.

## Artigo 2. *Supostos excluídos.*

Entenderanse expresamente excluídas do ámbito de aplicación desta lei aquelas prestacións de servizos que non cumpran cos requisitos do artigo 1.1, e en especial:

a) As relacións de traballo por conta allea a que se refire o artigo 1.1 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo.

b) A actividade que se limita pura e simplemente ao mero desempeño do cargo de conselleiro ou membro dos órganos de administración nas empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, de conformidade co establecido no artigo 1.3.c) do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo.

c) As relacións laborais de carácter especial a que se refire o artigo 2 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, e disposicións complementarias.

## TÍTULO II

### Réxime profesional do traballador autónomo

#### CAPÍTULO I

##### Fontes do réxime profesional

### Artigo 3. *Fontes do réxime profesional.*

1. O réxime profesional do traballador autónomo rexerese:

a) Polas disposicións establecidas nesta lei, no que non se opan ás lexislacións específicas aplicables á súa

actividade así como ao resto das normas legais e regulamentarias complementarias que sexan de aplicación.

b) Pola normativa común relativa á contratación civil, mercantil ou administrativa reguladora da correspondente relación xurídica do traballador autónomo.

c) Polos pactos establecidos individualmente mediante contrato entre o traballador autónomo e o cliente para o que desenvolve a súa actividade profesional. Entenderanse nulas e sen efectos as cláusulas establecidas no contrato individual contrarias ás disposicións legais de dereito necesario.

d) Polos usos e costumes locais e profesionais.

2. Os acordos de interese profesional serán, así mesmo, fonte do réxime profesional dos traballadores autónomos economicamente dependentes.

Toda cláusula do contrato individual dun traballador autónomo economicamente dependente afiliado a un sindicato ou asociado a unha organización de autónomos será nula cando contraveña o disposto nun acordo de interese profesional asinado por ese sindicato ou asociación que lle sexa de aplicación ao dito traballador por ter prestado o seu consentimento.

3. En virtude do disposto na disposición derradeira primeira do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, o traballo realizado por conta propia non estará sometido á lexislación laboral, excepto naqueles aspectos que por precepto legal se dispoña expresamente.

## CAPÍTULO II

### Réxime profesional común do traballador autónomo

### Artigo 4. *Dereitos profesionais.*

1. Os traballadores autónomos teñen dereito ao exercicio dos dereitos fundamentais e liberdades públicas recoñecidos na Constitución española e nos tratados e acordos internacionais ratificados por España sobre a materia.

2. O traballador autónomo ten os seguintes dereitos básicos individuais, co contido e alcance que para cada un deles dispoña a súa normativa específica:

a) Dereito ao traballo e á libre elección de profesión ou oficio.

b) Liberdade de iniciativa económica e dereito á libre competencia.

c) Dereito de propiedade intelectual sobre as súas obras ou prestacións protexidas.

3. No exercicio da súa actividade profesional os traballadores autónomos teñen os seguintes dereitos individuais:

a) Á igualdade ante a lei e a non ser discriminados, directa ou indirectamente, por razón de nacemento, orixe racial ou étnica, sexo, estado civil, relixión, conviccións, discapacidade, idade, orientación sexual, uso dalgunha das linguas oficiais dentro de España ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

b) A non ser discriminado por razóns de discapacidade, de conformidade co establecido na Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.

c) Ao respecto da súa intimidade e á consideración debida á súa dignidade, así como a unha axeitada protección fronte ao acoso sexual e ao acoso por razón de sexo ou por calquera outra circunstancia ou condición persoal ou social.

d) Á formación e readaptación profesionais.

e) Á súa integridade física e a unha protección axeitada da súa seguranza e saúde no traballo.

f) Á percepción puntual da contraprestación económica convida polo exercicio profesional da súa actividade.

g) Á conciliación da súa actividade profesional coa vida persoal e familiar, co dereito a suspender a súa actividade nas situacións de maternidade, paternidade, risco durante o embarazo, risco durante a lactación e adopción ou acollemento, tanto preadoptivo como permanente ou simple, de conformidade co Código civil ou coas leis civís das comunidades autónomas que o regulen, sempre que a súa duración non sexa inferior a un ano, aínda que estes sexan provisionais, nos termos previstos na lexislación da Seguridade Social.

h) Á asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade, de conformidade coa lexislación da Seguridade Social, incluído o dereito á protección nas situacións de maternidade, paternidade, risco durante o embarazo, risco durante a lactación e adopción ou acollemento, tanto preadoptivo como permanente ou simple, de conformidade co Código civil ou as leis civís das comunidades autónomas que o regulen, sempre que a súa duración non sexa inferior a un ano, aínda que estes sexan provisionais.

i) Ao exercicio individual das accións derivadas da súa actividade profesional.

x) Á tutela xudicial efectiva dos seus dereitos profesionais, así como ao acceso aos medios extraxudiciais de solución de conflitos.

k) Calquera outro que derive dos contratos por eles celebrados.

#### Artigo 5. *Deberes profesionais básicos.*

Son deberes profesionais básicos dos traballadores autónomos os seguintes:

a) Cumprir coas obrigas derivadas dos contratos por eles celebrados, a teor deles, e coas consecuencias que, segundo a súa natureza, sexan conformes coa boa fe, cos usos e a lei.

b) Cumprir coas obrigas en materia de seguranza e saúde laborais que a lei ou os contratos que teñan subscritos lles impongan, así como seguir as normas de carácter colectivo derivadas do lugar de prestación de servizos.

c) Afiliarse, comunicar as altas e baixas e cotizar ao réxime da Seguridade Social nos termos previstos na lexislación correspondente.

d) Cumprir coas obrigas fiscais e tributarias establecidas legalmente.

e) Cumprir con calquera outra obriga derivada da lexislación aplicable.

f) Cumprir coas normas deontolóxicas aplicables á profesión.

#### Artigo 6. *Dereito á non-discriminación e garantía dos dereitos fundamentais e liberdades públicas.*

1. Os poderes públicos deben garantir a efectividade dos dereitos fundamentais e liberdades públicas do traballador autónomo.

2. Os poderes públicos e quen contrate actividade profesional dos traballadores autónomos quedan sometidos á prohibición de discriminación, tanto directa como indirecta, deses traballadores, polos motivos sinalados no artigo 4.3.a) desta lei. A prohibición de discriminación afectará tanto a libre iniciativa económica e a contratación, como as condicións do exercicio profesional.

3. Calquera traballador autónomo, as asociacións que o representen ou os sindicatos que consideren lesionados os seus dereitos fundamentais ou a concorrencia

dun tratamento discriminatorio poderán solicitar a tutela do dereito ante a orde xurisdiccional competente por razón da materia, mediante un procedemento sumario e preferente. Se o órgano xudicial estimase probada a vulneración do dereito denunciado, declarará a nulidade radical e o cesamento inmediato da conduta e, cando proceda, a reposición da situación ao momento anterior a producirse, así como a reparación das consecuencias derivadas do acto.

4. As cláusulas contractuais que vulneren o dereito á non-discriminación ou calquera dereito fundamental serán nulas e teranse por non postas. O xuíz que declare a invalidez desas cláusulas integrará o contrato segundo o disposto no artigo 1258 do Código civil e, se é o caso, determinará a indemnización correspondente polos prexuízos sufridos.

5. En relación co dereito á igualdade e non-discriminación por razón de sexo observarase o previsto na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

#### Artigo 7. *Forma e duración do contrato.*

1. Os contratos que concerten os traballadores autónomos de execución da súa actividade profesional poderanse celebrar por escrito ou de palabra. Cada unha das partes poderá exixir da outra, en calquera momento, a formalización do contrato por escrito.

2. O contrato poderase celebrar para a execución dunha obra ou serie delas, ou para a prestación dun ou máis servizos e terá a duración que as partes acorden.

#### Artigo 8. *Prevención de riscos laborais.*

1. As administracións públicas competentes asumirán un papel activo en relación coa prevención de riscos laborais dos traballadores autónomos, por medio de actividades de promoción da prevención, asesoramento técnico, vixilancia e control do cumprimento por parte dos traballadores autónomos da normativa de prevención de riscos laborais.

2. As administracións públicas competentes promoverán unha formación en prevención específica e adaptada ás peculiaridades dos traballadores autónomos.

3. Cando nun mesmo centro de traballo desenvolvan actividades traballadores autónomos e traballadores doutra ou doutras empresas, así como cando os traballadores autónomos executen a súa actividade profesional nos locais ou centros de traballo das empresas para as que presten servizos, serán de aplicación para todos eles os deberes de cooperación, información e instrución previstos nos puntos 1 e 2 do artigo 24 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

4. As empresas que contraten con traballadores autónomos a realización de obras ou servizos correspondentes á propia actividade daquelas, e que se desenvolvan nos seus propios centros de traballo, deberán vixiar o cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais por estes traballadores.

5. Cando os traballadores autónomos deban operar con maquinaria, equipamentos, produtos, materias ou útiles proporcionados pola empresa para a que executan a súa actividade profesional, pero non realicen esa actividade no centro de traballo de tal empresa, esta asumirá as obrigas consignadas no derradeiro parágrafo do artigo 41.1 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

6. No caso de que as empresas incumpran as obrigas previstas nos puntos 3 a 5 deste artigo, asumirán as obrigas indemnizatorias dos danos e perdas ocasionados, sempre e cando haxa relación causal



directa entre tales incumprimentos e os prexuízos e danos causados.

A responsabilidade do pagamento establecida no parágrafo anterior, que recaerá directamente sobre o empresario infractor, serao con independencia de que o traballador autónomo se acollese ou non ás prestacións por continxencias profesionais.

7. O traballador autónomo terá dereito a interromper a súa actividade e abandonar o lugar de traballo cando considere que esa actividade entraña un risco grave e inminente para a súa vida ou saúde.

8. As disposicións contidas neste artigo aplicaranse sen prexuízo das obrigas legais establecidas para os traballadores autónomos con asalariados ao seu cargo na súa condición de empresarios.

#### Artigo 9. *Protección de menores.*

1. Os menores de dezaseis anos non poderán executar traballo autónomo nin actividade profesional, nin sequera para os seus familiares.

2. Non obstante o disposto no punto anterior, no caso de prestacións de servizos en espectáculos públicos aplicarase o establecido no artigo 6.4 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo.

#### Artigo 10. *Garantías económicas.*

1. Os traballadores autónomos teñen dereito á percepción da contraprestación económica pola execución do contrato no tempo e a forma convidados e de conformidade co previsto na Lei 3/2004, do 29 de decembro, que establece medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

2. Cando o traballador autónomo execute a súa actividade profesional para un contratista ou subcontratista, terá acción contra o empresario principal, ata o importe da débeda que este deba a aquel no momento da reclamación, salvo que se trate de construcións, reparacións ou servizos contratados no seo do fogar familiar.

3. En materia de garantía do cobramento dos créditos polo traballo persoal do traballador autónomo observarase o disposto na normativa civil e mercantil sobre privilexios e preferencias, así como na Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, quedando en todo caso os traballadores autónomos economicamente dependentes suxeitos á situación de privilexio xeral recollida no artigo 91.3 da dita lei.

4. O traballador autónomo responderá das súas obrigas con todos os seus bens presentes e futuros, sen prexuízo da non-embargabilidade dos bens establecida nos artigos 605, 606 e 607 da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil.

5. Para os efectos da satisfacción e cobramento das débedas de natureza tributaria e calquera tipo de débeda que sexa obxecto da xestión recadatoria no ámbito do sistema da Seguridade Social, embargado administrativamente un ben inmovible, se o traballador autónomo acreditase de forma fidedigna que se trata dunha vivenda que constitúe a súa residencia habitual, a execución do embargo quedará condicionada, en primeiro lugar, a que non resulten coñecidos outros bens do debedor suficientes susceptibles de realización inmediata no procedemento executivo e, en segundo lugar, a que entre a notificación da primeira dilixencia de embargo e a realización material da poxa, o concurso ou calquera outro medio administrativo de alleamento, medie o prazo mínimo dun ano. Este prazo non se interromperá nin se suspenderá, en ningún caso, nos supostos de ampliacións do embargo orixinario ou nos casos de prórroga das anotacións rexistras.

### CAPÍTULO III

#### Réxime profesional do traballador autónomo economicamente dependente

##### Artigo 11. *Concepto e ámbito subxectivo.*

1. Os traballadores autónomos economicamente dependentes a que se refire o artigo 1.2.d) desta lei son aqueles que realizan unha actividade económica ou profesional a título lucrativo e de forma habitual, persoal, directa e predominante para unha persoa física ou xurídica, denominada cliente, do cal dependen economicamente por percibir del, polo menos, o 75 por cento dos seus ingresos por rendementos de traballo e de actividades económicas ou profesionais.

2. Para o desempeño da actividade económica ou profesional como traballador autónomo economicamente dependente, este deberá reunir simultaneamente as seguintes condicións:

a) Non ter ao seu cargo traballadores por conta allea nin contratar ou subcontratar parte ou toda a actividade con terceiros, tanto respecto da actividade contratada co cliente do cal depende economicamente como das actividades que puiden contratar con outros clientes.

b) Non executar a súa actividade de maneira indiferenciada con traballadores que presten servizos baixo calquera modalidade de contratación laboral por conta do cliente.

c) Dispoñer de infraestrutura produtiva e material propios, necesarios para o exercicio da actividade e independentes dos do seu cliente, cando nesa actividade sexan relevantes economicamente.

d) Desenvolver a súa actividade con criterios organizativos propios, sen prexuízo das indicacións técnicas que puidese recibir do seu cliente.

e) Percibir unha contraprestación económica en función do resultado da súa actividade, de acordo co pactado co cliente e asumindo risco e ventura daquela.

3. Os titulares de establecementos ou locais comerciais e industriais e de oficinas e despachos abertos ao público e os profesionais que exerzan a súa profesión conxuntamente con outros en réxime societario ou baixo calquera outra forma xurídica admitida en dereito non terán en ningún caso a consideración de traballadores autónomos economicamente dependentes.

##### Artigo 12. *Contrato.*

1. O contrato para a realización da actividade profesional do traballador autónomo economicamente dependente celebrado entre este e o seu cliente deberase formalizar sempre por escrito e deberá ser rexistrado na oficina pública correspondente. Este rexistro non terá carácter público.

Regulamentariamente, estableceranse as características deses contratos e do rexistro no cal se deberán inscribir, así como as condicións para que os representantes legais dos traballadores teñan acceso á información dos contratos que a súa empresa realice con traballadores autónomos economicamente dependentes. Desda información excluírase, en todo caso, o número do documento nacional de identidade, o domicilio, o estado civil e calquera outro dato que, de acordo coa Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, puiden afectar a intimidade persoal.

2. O traballador autónomo deberá facer constar expresamente no contrato a súa condición de dependente economicamente respecto do cliente que o contrate, así como as variacións que se producisen ao respecto. A condición de dependente só se poderá ter respecto dun único cliente.

3. No suposto dun traballador autónomo que contratase con varios clientes a súa actividade profesional ou a prestación dos seus servizos, cando se producir unha circunstancia sobrevida do traballador autónomo, cuxa consecuencia derivar no cumprimento das condicións establecidas no artigo 11, respectarase integramente o contrato asinado entre ambas as dúas partes ata a súa extinción, salvo que estas acordasen modificalo para actualizalo ás novas condicións que corresponden a un traballador autónomo economicamente dependente.

4. Cando no contrato non se fixase unha duración ou un servizo determinado, presumirase, salvo proba en contrario, que o contrato foi pactado por tempo indefinido.

#### Artigo 13. *Acordos de interese profesional.*

1. Os acordos de interese profesional previstos no punto 2 do artigo 3 desta lei, concertados entre as asociacións ou sindicatos que representen os traballadores autónomos economicamente dependentes e as empresas para as cales executen a súa actividade, poderán establecer as condicións de modo, tempo e lugar de execución desa actividade, así como outras condicións xerais de contratación. En todo caso, os acordos de interese profesional observarán os límites e condicións establecidos na lexislación de defensa da competencia.

2. Os acordos de interese profesional deberanse concertar por escrito.

3. Entenderanse nulas e sen efectos as cláusulas dos acordos de interese profesional contrarias a disposicións legais de dereito necesario.

4. Os acordos de interese profesional pactaranse ao abeiro das disposicións do Código civil. A eficacia persoal destes acordos limitarase ás partes asinantes e, se é o caso, aos afiliados ás asociacións de autónomos ou sindicatos asinantes que prestasen expresamente o seu consentimento para isto.

#### Artigo 14. *Xornada da actividade profesional.*

1. O traballador autónomo economicamente dependente terá dereito a unha interrupción da súa actividade anual de 18 días hábiles, sen prexuízo de que ese réxime poida ser mellorado mediante contrato entre as partes ou mediante acordos de interese profesional.

2. Mediante contrato individual ou acordo de interese profesional determinarase o réxime de descanso semanal e o correspondente aos festivos, a contía máxima da xornada de actividade e, no caso de que esta se compute por mes ou ano, a súa distribución semanal.

3. A realización de actividade por tempo superior ao pactado contractualmente será voluntaria en todo caso e non poderá exceder do incremento máximo establecido mediante acordo de interese profesional. En ausencia de acordo de interese profesional, o incremento non poderá exceder do 30 por cento do tempo ordinario de actividade individualmente acordado.

4. O horario de actividade procurarase adaptar para os efectos de poder conciliar a vida persoal, familiar e profesional do traballador autónomo economicamente dependente.

5. A traballadora autónoma economicamente dependente que sexa vítima da violencia de xénero terá dereito á adaptación do horario de actividade co obxecto de facer efectiva a súa protección ou o seu dereito á asistencia social integral.

#### Artigo 15. *Extinción contractual.*

1. A relación contractual entre as partes extinguirase por algunha das seguintes circunstancias:

- a) Mutuo acordo das partes.

- b) Causas validamente consignadas no contrato, salvo que estas constituían abuso de dereito manifesto.

- c) Morte e xubilación ou invalidez incompatibles coa actividade profesional, conforme a correspondente lexislación de Seguridade Social.

- d) Desistencia do traballador autónomo economicamente dependente, debendo en tal caso mediar o aviso previo estipulado ou conforme os usos e costumes.

- e) Vontade do traballador autónomo economicamente dependente, fundada nun incumprimento contractual grave da contraparte.

- f) Vontade do cliente por causa xustificada, debendo mediar o aviso previo estipulado ou conforme os usos e costumes.

- g) Por decisión da traballadora autónoma economicamente dependente que se vexa obrigada a extinguir a relación contractual como consecuencia de ser vítima de violencia de xénero.

- h) Calquera outra causa legalmente establecida.

2. Cando a resolución contractual se produza pola vontade dunha das partes fundada nun incumprimento contractual da outra, quen resolva o contrato terá dereito a percibir a correspondente indemnización polos danos e perdas ocasionados.

3. Cando a resolución do contrato se produza por vontade do cliente sen causa xustificada, o traballador autónomo economicamente dependente terá dereito a percibir a indemnización prevista no punto anterior.

Se a resolución se produce por desistencia do traballador autónomo economicamente dependente, e sen prexuízo do aviso previo previsto na alínea d) do punto 1 deste artigo, o cliente poderá ser indemnizado cando esa desistencia lle ocasione un prexuízo importante que paralice ou perturbe o normal desenvolvemento da súa actividade.

4. Cando a parte que teña dereito á indemnización sexa o traballador autónomo economicamente dependente, a contía da indemnización será a fixada no contrato individual ou no acordo de interese profesional que resulte de aplicación. Nos casos en que non estean regulados, para os efectos de determinar a súa contía tomaranse en consideración, entre outros factores, o tempo restante previsto de duración do contrato, a gravidade do incumprimento do cliente, os investimentos e gastos anticipados polo traballador autónomo economicamente dependente vinculados á execución da actividade profesional contratada e o prazo de aviso previo outorgado polo cliente sobre a data de extinción do contrato.

#### Artigo 16. *Interrupcións xustificadas da actividade profesional.*

1. Consideraranse causas debidamente xustificadas de interrupción da actividade por parte do traballador economicamente dependente as fundadas en:

- a) Mutuo acordo das partes.

- b) A necesidade de atender responsabilidades familiares urxentes, sobrevidas e imprevisibles.

- c) O risco grave e inminente para a vida ou a saúde do traballador autónomo, segundo o previsto no punto 7 do artigo 8 desta lei.

- d) Incapacidade temporal, maternidade ou paternidade.

- e) A situación de violencia de xénero, para que a traballadora autónoma economicamente dependente faga efectiva a súa protección ou o seu dereito á asistencia social integral.

- f) Forza maior.

2. Mediante contrato ou acordo de interese profesional poderanse fixar outras causas de interrupción xustificada da actividade profesional.



3. As causas de interrupción da actividade previstas nos puntos anteriores non poderán fundamentar a extinción contractual por vontade do cliente prevista na alínea f) do punto 1 do artigo anterior, todo isto sen prexuízo doutros efectos que para eses supostos poidan acordar as partes. Se o cliente dese por extinguido o contrato, tal circunstancia considerárase como unha falta de xustificación para os efectos do disposto no punto 3 do artigo anterior.

Non obstante, cando nos supostos establecidos nas alíneas d) e f) do punto 1 a interrupción ocasione un prexuízo importante ao cliente que paralice ou perturbe o normal desenvolvemento da súa actividade, poderase considerar xustificada a extinción do contrato, para os efectos do disposto na alínea f) do punto 1 do artigo anterior.

#### Artigo 17. *Competencia xurisdiccional.*

1. Os órganos xurisdicionais da orde social serán os competentes para coñecer as pretensións derivadas do contrato celebrado entre un traballador autónomo economicamente dependente e o seu cliente.

2. Os órganos xurisdicionais da orde social serán tamén os competentes para coñecer de todas as cuestións derivadas da aplicación e interpretación dos acordos de interese profesional, sen prexuízo do disposto na lexislación de defensa da competencia.

#### Artigo 18. *Procedementos non xurisdicionais de solución de conflitos.*

1. Será requisito previo para a tramitación de accións xudiciais en relación co réxime profesional dos traballadores autónomos economicamente dependentes o intento de conciliación ou mediación ante o órgano administrativo que asuma estas funcións. Non obstante, para tales efectos, os acordos de interese profesional a que se refire o artigo 13 desta lei poderán instituír órganos específicos de solución de conflitos.

2. Os procedementos non xurisdicionais de solución de conflitos estarán baseados nos principios de gratuidade, celeridade, axilidade e efectividade.

3. O acordado en avinza terá forza executiva entre as partes intervenientes, sen necesidade de ratificación ante o órgano xudicial, e poderase levar a efecto polo trámite de execución de sentenzas.

4. As partes poderán igualmente someter as súas discrepancias á arbitrase voluntaria. Entenderanse equiparados ás sentenzas firmes os laudos arbitrais igualmente firmes ditados para o efecto. O procedemento arbitral someterase ao pactado entre as partes ou ao réxime que, se é o caso, se poida establecer mediante acordo de interese profesional, entendéndose aplicable, no seu defecto, a regulación contida na Lei 60/2003, do 23 de decembro, de arbitrase, a Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación de transportes terrestres ou en calquera outra normativa específica ou sectorial.

### TÍTULO III

#### Dereitos colectivos do traballador autónomo

##### Artigo 19. *Dereitos colectivos básicos.*

1. Os traballadores autónomos son titulares dos dereitos a:

a) Afiliarse ao sindicato ou asociación empresarial da súa elección, nos termos establecidos na lexislación correspondente.

b) Afiliarse e fundar asociacións profesionais específicas de traballadores autónomos sen autorización previa.

c) Exercer a actividade colectiva de defensa dos seus intereses profesionais.

2. As asociacións de traballadores autónomos son titulares dos dereitos de carácter colectivo a:

a) Constituír federacións, confederacións ou unións, logo de cumprimento dos requisitos exixidos para a constitución de asociacións, con acordo expreso dos seus órganos competentes. Así mesmo, poderán establecer os vínculos que consideren oportunos con organizacións sindicais e asociacións empresariais.

b) Concertar acordos de interese profesional para os traballadores autónomos economicamente dependentes afiliados nos termos previstos no artigo 13 desta lei.

c) Exercer a defensa e tutela colectiva dos intereses profesionais dos traballadores autónomos.

d) Participar nos sistemas non xurisdicionais de solución das controversias colectivas dos traballadores autónomos cando estea previsto nos acordos de interese profesional.

3. As asociacións representativas de traballadores autónomos tamén serán titulares das facultades establecidas no artigo 21.5 desta lei.

4. Sen prexuízo das facultades que corresponden aos sindicatos no exercicio do dereito á liberdade sindical, estes gozarán, ademais, de todos os dereitos do punto 2 deste artigo respecto dos seus traballadores autónomos afiliados.

##### Artigo 20. *Dereito de asociación profesional dos traballadores autónomos.*

1. As asociacións profesionais de traballadores autónomos constituiranse e rexeranse polo previsto na Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación e as súas normas de desenvolvemento, coas especialidades previstas nesta lei.

2. Estas asociacións, en cuxa denominación e estatutos se fará referencia á súa especialidade subxectiva e de obxectivos, terán por finalidade a defensa dos intereses profesionais dos traballadores autónomos e funcións complementarias, e poderán desenvolver cantas actividades lícitas vaian encamiñadas a tal finalidade. En ningún caso poderán ter ánimo de lucro. Gozarán de autonomía fronte ás administracións públicas, así como fronte a calquera outro suxeito público ou privado.

3. Con independencia do previsto no artigo 10 da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, as asociacións profesionais de traballadores autónomos deberanse inscribir e depositar os seus estatutos no rexistro especial da oficina pública establecida para o efecto no Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais ou da correspondente comunidade autónoma, no cal a asociación desenvolva principalmente a súa actividade. Tal rexistro será específico e diferenciado do de calquera outra organización sindical, empresarial ou doutra natureza que poida ser obxecto de rexistro por esa oficina pública.

4. Estas asociacións poderán ser declaradas de utilidade pública conforme o previsto nos artigos 32 a 36 da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

5. Estas asociacións profesionais só poderán ser suspendidas ou disoltas mediante resolución firme da autoridade xudicial fundada en incumprimento grave das leis.

##### Artigo 21. *Determinación da representatividade das asociacións de traballadores autónomos.*

1. Sen prexuízo da representación que posúen dos seus afiliados e para os efectos do previsto neste artigo e o seguinte, terán a consideración de asociacións profesionais representativas dos traballadores autónomos aquelas que, inscritas no rexistro especial establecido para o efecto, demostren unha suficiente implantación no ámbito territo-

rial en que actúen. Esa implantación deberase acreditar a través de criterios obxectivos dos cales se poida deducir a representatividade da asociación, entre eles o grao de afiliación de traballadores autónomos á asociación, o número de asociacións con que se asinasen convenios ou acordos de representación ou doutra natureza, os recursos humanos e materiais, os acordos de interese profesional en que participasen, a presenza de sedes permanentes no seu ámbito de actuación e calquera outro criterio de natureza similar e de carácter obxectivo. Os citados criterios desenvolveranse mediante unha norma regulamentaria.

2. A condición de asociación representativa no ámbito estatal será declarada por un consello formado por funcionarios da Administración xeral do Estado e por expertos de recoñecido prestixio, imparciais e independentes. Regulamentariamente, determinarase a composición do dito consello, que en todo caso estará integrado por un número impar de membros, non superior a cinco, así como as súas funcións e procedemento de funcionamento.

3. As resolucións ditadas polo consello a que se refire o punto anterior serán directamente impugnables ante a xurisdición contencioso-administrativa.

4. A capacidade representativa recoñecida neste artigo ás asociacións de traballadores autónomos poderase exercer no ámbito de actuación territorial da correspondente asociación.

5. As asociacións representativas dos traballadores autónomos e as organizacións sindicais máis representativas, de conformidade cos artigos 6 e 7 da Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical, gozarán dunha posición xurídica singular, que lles outorga capacidade xurídica para actuar en representación dos traballadores autónomos para:

a) Posuír representación institucional ante as administracións públicas ou outras entidades ou organismos de carácter estatal ou de comunidade autónoma que a teñan prevista.

b) Ser consultadas cando as administracións públicas deseñen as políticas públicas que incidan sobre o traballo autónomo.

c) Xestionar programas públicos dirixidos aos traballadores autónomos nos termos previstos legalmente.

d) Calquera outra función que se estableza legal ou regulamentariamente.

#### Artigo 22. *Consello do Traballo Autónomo.*

1. O Consello do Traballo Autónomo constitúese, ao abeiro do disposto no artigo 42 da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, como órgano consultivo do Goberno en materia socioeconómica e profesional do traballo autónomo.

2. Son funcións do consello:

a) Emitir o seu parecer con carácter facultativo sobre:

1.º Os anteproxectos de leis ou proxectos de reais decretos que incidan sobre o traballo autónomo. No suposto de se produciren modificacións que puideren afectar o Estatuto de traballo autónomo, o informe terá carácter preceptivo.

2.º O deseño das políticas públicas de carácter estatal en materia de traballo autónomo.

3.º Calquera outro asunto que se someta á consulta daquel por parte do Goberno da Nación ou dos seus membros.

b) Elaborar, por solicitude do Goberno da Nación ou dos seus membros, ou por propia iniciativa, estudos ou informes relacionados co ámbito das súas competencias.

c) Elaborar o seu regulamento de funcionamento interno.

d) Calquera outra competencia que lle sexa atribuída legal ou regulamentariamente.

3. O Consello do Traballo Autónomo estará composto por representantes das asociacións profesionais de traballadores autónomos representativas cuxo ámbito de actuación sexa intersectorial e estatal, polas organizacións sindicais e empresariais máis representativas e por representantes da Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas e da asociación de entidades locais máis representativa no ámbito estatal.

Se se constituísen consellos do traballo autónomo de ámbito autonómico, formará parte do Consello do Traballo Autónomo un representante designado por cada un dos consellos autonómicos existentes.

4. A presidencia do consello corresponderalle ao secretario xeral de Emprego e, por delegación, ao director xeral da Economía Social, do Traballo Autónomo e do Fondo Social Europeo.

5. Os créditos necesarios para o seu funcionamento consignaranse nos orzamentos do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais.

6. Regulamentariamente, desenvolverase a composición e réxime de funcionamento do consello.

7. As comunidades autónomas poderán constituír, no seu ámbito territorial, consellos consultivos en materia socioeconómica e profesional do traballo autónomo. Así mesmo, poderán regular a composición e o funcionamento destes.

## TÍTULO IV

### Protección social do traballador autónomo

#### Artigo 23. *O dereito á Seguridade Social.*

1. De conformidade co artigo 41 da Constitución, as persoas que exerzan unha actividade profesional ou económica por conta propia ou autónoma terán dereito ao mantemento dun réxime público de Seguridade Social que lles garanta a asistencia e as prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade. As prestacións complementarias serán libres.

2. A protección dos traballadores por conta propia ou autónomos instrumentarase a través dun único réxime, que se denominará réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos, sen prexuízo de que algúns colectivos específicos de traballadores autónomos, en razón da súa pertenza a un determinado sector económico, estean encadrados noutros réximes da Seguridade Social.

#### Artigo 24. *Afiliación á Seguridade Social.*

A afiliación ao sistema da Seguridade Social é obrigatoria para os traballadores autónomos ou por conta propia, e única para a súa vida profesional, sen prexuízo das altas e baixas nos distintos réximes que integran o sistema de Seguridade Social, así como das demais variacións que se poidan producir con posterioridade á afiliación.

#### Artigo 25. *Cotización á Seguridade Social.*

1. A cotización é obrigatoria no réxime especial de Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos nos termos previstos no artigo 15 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, e demais disposicións de desenvolvemento.

2. A lei poderá establecer bases de cotización diferenciadas para os traballadores autónomos economicamente dependentes.

3. A lei poderá establecer reducións ou bonificacións nas bases de cotización ou nas cotas de Seguridade Social para determinados colectivos de traballadores autóno-

mos en atención ás súas características persoais ou ás características profesionais da actividade exercida.

#### Artigo 26. *Acción protectora.*

1. A acción protectora do réxime especial de Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos, nos termos e conforme as condicións legalmente previstas, comprenderá, en todo caso:

a) A asistencia sanitaria nos casos de maternidade, enfermidade común ou profesional e accidentes, sexan ou non de traballo.

b) As prestacións económicas nas situacións de incapacidade temporal, risco durante o embarazo, maternidade, paternidade, risco durante a lactación, incapacidade permanente, xubilación, morte e supervivencia e familiares por fillo a cargo.

2. As prestacións de servizos sociais serán as establecidas legalmente e en todo caso comprenderán as prestacións en materia de reeducación, de rehabilitación de persoas con discapacidade, de asistencia á terceira idade e de recuperación profesional.

3. Os traballadores autónomos economicamente dependentes deberán incorporar obrigatoriamente, dentro do ámbito da acción protectora da Seguridade Social, a cobertura da incapacidade temporal e dos accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social.

Para os efectos desta cobertura, entenderase por accidente de traballo toda lesión corporal do traballador autónomo economicamente dependente que sufra con ocasión ou por consecuencia da actividade profesional; considerarase tamén accidente de traballo o que sufra o traballador ao ir ou volver do lugar da prestación da actividade, ou por causa ou consecuencia dela. Salvo proba en contrario, presumirase que o accidente non ten relación co traballo cando ocorra fóra do desenvolvemento da actividade profesional de que se trate.

4. Os poderes públicos promoverán políticas que incentiven a continuidade no exercicio da profesión, traballo ou actividade económica dos traballadores por conta propia, unha vez cumprida a idade ordinaria de xubilación. Non obstante, en atención á natureza tóxica, perigosa ou penosa da actividade exercida, e nos termos que regulamentariamente se establezan, os traballadores autónomos afectados que reúnan as condicións establecidas para causar dereito á pensión de xubilación, con excepción da relativa á idade, poderán acceder á xubilación anticipada, nos mesmos supostos e colectivos para os que estea establecido ese dereito respecto dos traballadores por conta allea.

Neste sentido, entenderanse comprendidos os traballadores autónomos con discapacidade nas mesmas condicións que os traballadores por conta allea.

5. A acción protectora do réxime público de Seguridade Social dos traballadores autónomos tenderá a converxer en achegas, dereitos e prestacións coa existente para os traballadores por conta allea no réxime xeral da Seguridade Social.

## TÍTULO V

### Fomento e promoción do traballo autónomo

#### Artigo 27. *Política de fomento do traballo autónomo.*

1. Os poderes públicos, no ámbito das súas respectivas competencias, adoptarán políticas de fomento do traballo autónomo dirixidas ao establecemento e desenvolvemento de iniciativas económicas e profesionais por conta propia.

2. Estas políticas materializaranse, en particular, en medidas dirixidas a:

a) Remover os obstáculos que impidan o inicio e desenvolvemento dunha actividade económica ou profesional por conta propia.

b) Facilitar e apoiar as diversas iniciativas de traballo autónomo.

c) Establecer exencións, reducións ou bonificacións nas cotizacións á Seguridade Social.

d) Promover o espírito e a cultura emprendedora.

e) Fomentar a formación e readaptación profesionais.

f) Proporcionar a información e asesoramento técnico necesarios.

g) Facilitar o acceso aos procesos de innovación tecnolóxica e organizativa, de forma que se mellore a produtividade do traballo ou servizo realizado.

h) Crear un contorno que fomente o desenvolvemento das iniciativas económicas e profesionais no marco do traballo autónomo.

i) Apoiar os emprendedores no ámbito de actividades innovadoras vinculadas cos novos viveiros de emprego, de novas tecnoloxías ou de actividades de interese público, económico ou social.

3. A elaboración desta política de fomento do traballo autónomo tenderá ao logro da efectividade da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e prestará especial atención aos colectivos de persoas desfavorecidas ou non suficientemente representadas, entre os cales as persoas con discapacidade ocupan un lugar preferente.

#### Artigo 28. *Formación profesional e asesoramento técnico.*

1. O fomento do traballo autónomo dirixirase especialmente a integrar dentro do sistema educativo e, en particular, do sistema de formación profesional, a promoción do traballo autónomo, a propiciar a formación e readaptación profesionais dos traballadores autónomos, facilitando o seu acceso aos programas de formación profesional, que se orientarán á mellora da súa capacitación profesional e ao desenvolvemento da súa capacidade de xerencia.

2. O fomento do traballo autónomo tamén atenderá as necesidades de información e asesoramento técnico para a súa creación, consolidación e renovación, promovendo, para estes efectos, as fórmulas de comunicación e cooperación entre autónomos.

#### Artigo 29. *Apoio financeiro ás iniciativas económicas.*

1. Os poderes públicos, no ámbito das súas respectivas competencias e no marco dos compromisos asumidos na Unión Europea, adoptarán programas de axuda financeira ás iniciativas económicas das persoas emprendedoras.

2. A elaboración destes programas atenderá á necesidade de tutela dos colectivos con especiais dificultades de acceso ao mercado de traballo, á garantía da viabilidade futura dos proxectos beneficiarios, así como á exixencia de avaliación dos efectos das axudas económicas sobre os obxectivos propostos.

3. Os poderes públicos favorecerán mediante unha política fiscal axeitada a promoción do traballo autónomo.

Disposición adicional primeira. *Modificación do texto refundido da Lei de procedemento laboral, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/1995, do 7 de abril.*

O texto refundido da Lei de procedemento laboral aprobado polo Real decreto lexislativo 2/1995, do 7 de abril, queda modificado como segue:



Un. A alínea p) do artigo 2 queda redactada do modo seguinte:

«p) en relación co réxime profesional, tanto na súa vertente individual como colectiva, dos traballadores autónomos economicamente dependentes a que se refire a Lei do Estatuto do traballo autónomo.»

Dous. Introdúcese unha nova alínea q) ao artigo 2 co contido seguinte:

«q) respecto de calquera outra cuestión que lle sexa atribuída por normas con rango de lei.»

Tres. Modifícase o punto 2 do artigo 16, que queda redactado da seguinte maneira:

«2. Terán capacidade procesual os traballadores maiores de dezaseis anos e menores de dezaioito respecto dos dereitos e intereses lexítimos derivados dos seus contratos de traballo e da relación de Seguridade Social cando legalmente non precisen para a celebración dos ditos contratos autorización dos seus pais, titores ou da persoa ou institución que os teña ao seu cargo, ou obtivesen autorización para contratar dos seus pais, titores ou persoa ou institución que os teña ao seu cargo conforme a lexislación laboral ou a lexislación civil ou mercantil respectivamente. Igualmente terán capacidade procesual os traballadores autónomos economicamente dependentes maiores de dezaseis anos.»

Catro. Engádese un punto 3 ao artigo 17, que queda redactado da seguinte maneira:

«3. As organizacións de traballadores autónomos terán lexitimación para a defensa dos acordos de interese profesional por elas asinados.»

Cinco. Dáse nova redacción ao artigo 63, que queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 63. Será requisito previo para a tramitación do proceso o intento de conciliación ante o servizo administrativo correspondente ou ante o órgano que asuma estas funcións, que se poderá constituír mediante os acordos interprofesionais ou os convenios colectivos a que se refire o artigo 83 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, así como os acordos de interese profesional a que se refire o artigo 13 da Lei do Estatuto do traballo autónomo.»

Disposición adicional segunda. *Reducións e bonificacións nas cotizacións.*

1. A lei establecerá reducións e bonificacións na cotización á Seguridade Social en favor dos seguintes colectivos de traballadores autónomos:

- a) Quen en función doutra actividade realizada cotice, sumando as bases de cotización, por encima da base máxima do réxime xeral da Seguridade Social.
- b) As persoas con discapacidade que realicen un traballo autónomo.
- c) Os traballadores autónomos que se dediquen á actividade de venda ambulante ou á venda a domicilio.
- d) Aqueles colectivos que se determinen legal ou regulamentariamente.

2. As administracións públicas competentes poderán subscribir convenios coa Seguridade Social con obxecto de propiciar a redución das cotizacións das persoas que, en réxime de autonomía, se dediquen a actividades artesanais ou artísticas.

Disposición adicional terceira. *Cobertura da incapacidade temporal e das continxencias profesionais no réxime da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos.*

1. A partir do día primeiro de xaneiro do exercicio seguinte á entrada en vigor desta lei, os traballadores por conta propia ou autónomos que non optasen por dar cobertura ás prestacións de incapacidade temporal deberán levalo a cabo de forma obrigatoria, sempre que non teñan dereito a esta prestación en razón da actividade realizada noutro réxime da Seguridade Social.

De igual forma, a anterior data tomarase para a entrada en vigor da obrigatoriedade de cotización establecida no punto 3 do artigo 26 desta lei.

2. O Goberno determinará aquelas actividades profesionais desenvolvidas por traballadores autónomos que presentan un maior risco de sinistralidade, nas cales será obrigatoria a cobertura das continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social. En tales supostos, será de aplicación o previsto no punto 3 do artigo 26.

3. O disposto nos puntos anteriores non será de aplicación aos traballadores por conta propia agrarios, incorporados ao «sistema especial de traballadores agrarios por conta propia», para quen a cobertura da incapacidade temporal e das continxencias profesionais seguirá sendo de cobertura voluntaria.

Disposición adicional cuarta. *Prestación por cesamento de actividade.*

O Goberno, sempre que estean garantidos os principios de contributividade, solidariedade e sostibilidade financeira e isto responda ás necesidades e preferencias dos traballadores autónomos, proporalles ás Cortes Xerais a regulación dun sistema específico de protección por cesamento de actividade para eles, en función das súas características persoais ou da natureza da actividade exercida.

A articulación da prestación por cesamento de actividade realizarase de tal forma que, nos supostos en que se deba aplicar en idades próximas á legal de xubilación, a súa aplicación garanta, en combinación coas medidas de anticipación da idade de xubilación en circunstancias concretas establecidas na Lei xeral da Seguridade Social, que o nivel de protección dispensado sexa o mesmo, en supostos equivalentes de carreira de cotización, esforzo contributivo e causalidade, que o dos traballadores por conta allea, sen que isto poida implicar custos adicionais no nivel non contributivo.

As administracións públicas poderán, por razóns de política económica debidamente xustificadas, cofinanciar plans de cesamento de actividade dirixidos a colectivos ou sectores económicos concretos.

Disposición adicional quinta. *Profesionais incorporados a mutualidades de previsión social alternativas.*

O disposto no punto 2 do artigo 23, nos artigos 24 a 26 e na alínea c), punto 2, do artigo 27, así como nas disposicións adicionais segunda e terceira e na disposición derradeira segunda desta lei non serán de aplicación aos traballadores por conta propia ou autónomos que, nos termos establecidos na disposición adicional décimo quinta da Lei 30/1995, de supervisión e ordenación dos seguros privados, optasen ou opten no futuro por adscribirse á mutualidade de previsión social que teña constituída o colexio profesional a que pertencen e que actúe como alternativa ao réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos.

**Disposición adicional sexta. Comunidades autónomas.**

Para os efectos do previsto no artigo 21.5 desta lei, as comunidades autónomas determinarán a representatividade das asociacións de traballadores autónomos de acordo cos criterios a que se refire o seu artigo 21.1 e crearán, no seu ámbito territorial, o rexistro especial segundo o disposto no artigo 20.3 desta lei.

**Disposición adicional sétima. Actualización de cotizacións.**

A Lei de orzamentos xerais do Estado poderá establecer as bases de cotización diferenciadas, reducións ou bonificacións a que se refire o artigo 25 e a disposición adicional segunda desta lei.

**Disposición adicional oitava. Participación dos traballadores autónomos no Consello Económico e Social.**

O Goberno formulará a presenza dos traballadores autónomos no Consello Económico e Social tendo en conta:

1. A evolución do Consello do Traballo Autónomo na representación deles.
2. O informe preceptivo do Consello Económico e Social sobre a composición deste, que deberá realizar para isto no menor prazo de tempo posible.

**Disposición adicional novena. Pagamento único da prestación por desemprego.**

O Goberno no prazo dun ano elaborará un estudo sobre a evolución da medida de pagamento único da prestación por desemprego para o inicio de actividades por conta propia; se o resultado é favorable en canto á creación de emprego autónomo, ampliará as porcentaxes actuais da capitalización da prestación de desemprego destinadas a financiar o investimento.

**Disposición adicional décima. Encadramento na Seguridade Social dos familiares do traballador autónomo.**

Os traballadores autónomos poderán contratar, como traballadores por conta allea, os fillos menores de trinta anos, aínda que convivan con eles. Neste caso, do ámbito da acción protectora dispensada aos familiares contratados quedará excluída a cobertura por desemprego.

**Disposición adicional décimo primeira. Traballadores autónomos do sector do transporte.**

De conformidade co disposto no artigo 1.3 g) do texto refundido do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 24 de marzo, considéranse incluídas no ámbito regulado por esta lei as persoas prestadoras do servizo do transporte ao abeiro de autorizacións administrativas das cales sexan titulares, realizada mediante o correspondente prezo con vehículos comerciais de servizo público cuxa propiedade ou poder directo de disposición posúan, aínda cando eses servizos se realicen de forma continuada para un mesmo cargador ou comercializador.

Neste caso, serán traballadores autónomos economicamente dependentes a que se refire o artigo 1.2 d) desta lei aqueles que cumpran co disposto nos seus artigos 11.1 e 11.2 a).

**Disposición adicional décimo primeira. Participación de traballadores autónomos en programas de formación e información de prevención de riscos laborais.**

Coa finalidade de reducir a sinistralidade e evitar a aparición de enfermidades profesionais nos respectivos sectores, as asociacións representativas dos traballado-

res autónomos e as organizacións sindicais máis representativas poderán realizar programas permanentes de información e formación correspondentes a ese colectivo, promovidos polas administracións públicas competentes en materia de prevención de riscos laborais e de reparación das consecuencias dos accidentes de traballo e das enfermidades profesionais.

**Disposición adicional décimo terceira. Adaptación da Lei xeral da Seguridade Social.**

O punto 1 da disposición adicional trixésimo quinta do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, introducida polo artigo 5 da Lei 36/2003, do 11 de decembro, e modificada pola disposición adicional cuadraxésimo cuarta. Tres da Lei 2/2004, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2005, queda modificado do seguinte xeito:

Onde di: «a partir do 1 de xaneiro de 2005».

Debe dicir: «a partir da entrada en vigor do Estatuto do traballo autónomo».

Onde di: «25 por 100».

Debe dicir: «30 por 100».

Onde di: «durante os 12 meses inmediatamente...».

Debe dicir: «durante os 15 meses inmediatamente...».

Onde di: «nos 12 meses seguintes...».

Debe dicir: «nos 15 meses seguintes...».

**Disposición adicional décimo cuarta. Estudo sectorial do traballo autónomo.**

O Goberno elaborará, no prazo dun ano, un estudo sobre os sectores de actividade que teñen unha especial incidencia no colectivo de traballadores autónomos, que inclúa, entre outros, os seguintes aspectos:

1. Os efectos que teñen as especificidades propias de cada sector nas condicións do traballo (retributivas, conciliación familiar, protección social, etc.) que realiza o traballador autónomo.

2. Un diagnóstico sobre os sectores en reconversión ou sometidos a procesos de modernización que teñen unha maior afectación na actividade realizada por traballadores autónomos.

3. Unha análise sobre a necesidade de incentivar o cesamento anticipado de traballadores autónomos en determinados sectores.

**Disposición adicional décimo quinta. Adaptación do réxime especial dos traballadores autónomos.**

No prazo dun ano, o Goberno presentará un estudo sobre a actualización da normativa que regula o réxime especial dos traballadores autónomos establecida esencialmente no Decreto 2530/1970, do 20 de agosto, parcialmente derogado, ás necesidades e exixencias actuais do colectivo dos traballadores autónomos. Este estudo preverá as medidas necesarias para fixar a converxencia nas achegas e dereitos dos traballadores autónomos, en relación cos establecidos polos traballadores por conta allea incluídos no réxime xeral da Seguridade Social.

**Disposición adicional décimo sexta. Campaña de difusión do réxime especial dos traballadores autónomos.**

No prazo dun ano, o Goberno realizará, en colaboración coas entidades máis representativas de traballadores autónomos, unha campaña de difusión e información sobre a normativa e as características do réxime especial do traballador autónomo.

Disposición adicional décimo sétima. *Contratos de traballadores autónomos economicamente dependentes no sector dos axentes de seguros.*

Os contratos celebrados polos axentes de seguros que cumpran coas condicións establecidas no capítulo terceiro desta lei e os supostos en que eses axentes quedarían suxeitos a el determináranse regulamentariamente sen afectar, en ningún caso, a súa relación mercantil.

Disposición adicional décimo oitava. *Persoas con discapacidade.*

Para os efectos desta lei, terán a consideración de persoas con discapacidade as comprendidas no número 2 do artigo 1 da Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.

Disposición adicional décimo novena. *Axentes comerciais.*

Nos supostos de axentes comerciais que, actuando como intermediarios independentes, se encarguen de maneira continuada ou estable e a cambio de remuneración de promover actos ou operacións de comercio por conta allea, ou a promovelos e concluílos por conta e en nome alleos, para os efectos de ser considerados traballadores autónomos economicamente dependentes, non lles será de aplicación o requisito de asumir o risco e ventura de tales operacións, establecido no artigo 11, punto 2, alínea e).

Disposición transitoria primeira. *Adaptación de estatutos e recoñecemento da personalidade xurídica das asociacións.*

As asociacións profesionais de traballadores autónomos constituídas en aplicación da lexislación anterior e que gocen de personalidade xurídica no momento da entrada en vigor desta lei conservarán o seu recoñecemento para todos os efectos, quedando automaticamente validadas.

No prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei deberán proceder a adaptar os seus estatutos ao previsto nela, así como a inscribirse no rexistro previsto na oficina pública establecida para o efecto.

Disposición transitoria segunda. *Adaptación dos contratos vixentes dos traballadores autónomos economicamente dependentes.*

Os contratos subscritos con anterioridade á entrada en vigor desta lei entre o traballador autónomo economicamente dependente e o cliente deberán adaptarse ás previsións contidas nela dentro do prazo de seis meses desde a entrada en vigor das disposicións regulamentarias que se diten no seu desenvolvemento, salvo que nese período algunha das partes opte por rescindir o contrato.

O traballador autónomo en que concurra a circunstancia de ser economicamente dependente deberá comunicarllo ao cliente respecto ao cal adquira esta condición, no prazo de tres meses desde a entrada en vigor das citadas disposicións regulamentarias.

Disposición transitoria terceira. *Adaptación dos contratos vixentes dos traballadores autónomos economicamente dependentes no sector do transporte e o sector dos axentes de seguros.*

Os contratos subscritos con anterioridade á entrada en vigor desta lei entre o traballador autónomo econo-

micamente dependente e o cliente a que se refire a disposición adicional décimo primeira, e os contratos celebrados polos axentes de seguros que lles resulte de aplicación o capítulo terceiro desta lei, deberán adaptarse ás previsións contidas nela dentro do prazo de dezoito meses desde a entrada en vigor das disposicións regulamentarias que se diten no seu desenvolvemento, salvo que nese período algunha das partes opte por rescindir o contrato.

O traballador autónomo en que concurra a circunstancia de ser economicamente dependente no suposto a que se refire a disposición adicional décimo primeira, e no suposto do axente de seguros, deberá comunicarllo ao cliente respecto ao cal adquira esta condición, no prazo dun ano desde a entrada en vigor desta lei.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións se opoñan a esta lei.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta lei dítase ao abeiro da competencia que lle corresponde ao Estado conforme o artigo 149.1.5.<sup>a</sup>, 6.<sup>a</sup>, 7.<sup>a</sup>, 8.<sup>a</sup> e 17.<sup>a</sup> da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento de dereitos en materia de protección social.*

Con carácter progresivo levaranse a cabo as medidas necesarias para que, de acordo cos principios que inspiran esta lei, se logre a converxencia en achegas e dereitos dos traballadores autónomos en relación cos establecidos para os traballadores por conta allea incluídos no réxime xeral da Seguridade Social.

Disposición derradeira terceira. *Habilitación ao Goberno.*

Facúltase o Goberno para ditar cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación e desenvolvemento desta lei no ámbito da súas competencias.

Disposición derradeira cuarta. *Informe anual.*

1. O Goberno deberá informar as Cortes Xerais anualmente da execución de previsións contidas nesta lei.
2. Este informe incorporará o ditame dos órganos consultivos.

Disposición derradeira quinta. *Desenvolvemento regulamentario dos contratos do traballador autónomo economicamente dependente.*

No prazo dun ano desde a entrada en vigor desta lei desenvolverase regulamentariamente o establecido no seu artigo 12, punto 1, parágrafo segundo.

Disposición derradeira sexta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor aos tres meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,  
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 11 de xullo de 2007.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO